



# 8M

2025

Día internacional das  
mulleres traballadoras

MATERIAIS para traballar  
nas aulas de **PRIMARIA**

## Xustificación

A conmemoración do **8 de marzo, Día Internacional das Mulleres Traballadoras**, é unha data fundamental para reflexionar sobre a loita das mulleres pola igualdade de dereitos e oportunidades en todos os ámbitos da vida.



A introdución de programas de prevención da violencia de xénero en educación infantil está apoiada por un marco legal que busca garantir a igualdade e a protección dende as primeiras etapas educativas. O artigo 24 da Lei Orgánica 3/2007 para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes establece que

«as administracións educativas garantirán un igual dereito á educación de mulleres e homes, a través da integración activa nos obxectos e nas actuacións educativas, do principio de igualdade de trato evitando que, por comportamentos sexistas ou polos estereotipos sociais asociados se produzan desigualdades entre mulleres e homes».

Así, contéplase o desenvolvemento de actuacións orientadas a fomentar a igualdade en todas as etapas educativas e a eliminar os

«comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan a discriminación entre mulleres e homes, con especial consideración nos libros de texto e materiais educativos».

Nestes recursos didácticos para a etapa de Educación Primaria, traballárase de xeito adaptado ao nivel cognitivo e emocional das crianzas para que comprendan conceptos básicos sobre a igualdade de xénero, a relevancia das achegas das mulleres ao longo da historia e a relacionarse dende a escoita activa e a colaboración entre persoas.

Os materiais buscan, a través de actividades diversas e motivadoras, achegar á infancia os dereitos acadados polas mulleres ao longo da historia, facendo especial fincapé nos referentes dentro da literatura e na importancia de desmontar os estereotipos e roles de xénero.

A memoria colectiva das mulleres debe ser unha fonte de inspiración para as crianzas, permitindo que descubran como as mulleres contribuíron á transformación do mundo que coñecemos hoxe. Este proceso de recuperación das memorias busca

fortalecer nas crianzas a capacidade de imaxinar un futuro onde poidan ser quen queiran, libres de prexuízos e roles de xénero marcados incluso dende antes do seu nacemento.

A través da recuperación e visibilización das figuras femininas e das súas historias, o obxectivo é que as crianzas poidan identificarse con modelos de mulleres que conseguiron vencer obstáculos e alcanzar grandes obxectivos en campos tan diversos como a ciencia, a arte, o deporte, a educación e moitos outros. Estas historias fan que as crianzas, especialmente as nenas, poidan sentirse apoderadas, crendo na súa presenza e capacidade para acadar aquilo que se propoñan.

Na infancia, a formación das ideas sobre o xénero e os roles sociais é crucial, e os referentes xogan un papel decisivo neste proceso. As historias que compartimos coas crianzas dende pequenas axudan a darlles ferramentas para comprender a igualdade de xénero e a diversidade, e tamén lles proporcionan a capacidade de cuestionar os estereotipos preexistentes sobre o que poden ou non lograr. Neste sentido, expertas como Ana Isabel Agustí López sinalan tres claves a ter en conta para a educación en igualdade:

- As palabras como principal vehículo da aprendizaxe. As crianzas entran en contacto con todo o que aprenden na escola a partir da linguaxe. Por isto, é fundamental apostar por unha linguaxe inclusiva e non sexista que recoñeza e visibilice a diversidade humana.
- O profesorado como referente. As docentes convértense nun referente de autoridade para o alumnado, que guía, marca límites e infunde respecto e confianza. A coeducación supón mostrar modelos e referentes do que queremos ver no mundo.
- Mirada crítica ante o sexismo transmitido a través das canles de socialización (televisión, publicidade, literatura, música, etc.). É fundamental que as crianzas aprendan a analizar de maneira crítica a información que lles chega, aprendendo a facerse preguntas e cuestionar se esas mensaxes que reciben son válidas ou non para a súa propia experiencia.

Así, o principal obxectivo desta unidade é que as crianzas sexan conscientes de que tanto as mulleres como os homes deben ter as mesmas oportunidades de desenvolverse plenamente en calquera ámbito. É un convite a reflexionar, aprender e crecer xuntas, facendo da memoria das mulleres unha ferramenta poderosa de empoderamento e cambio.



## Metodoloxía

Esta proposta didáctica está elaborada para abordar diferentes aspectos vinculados á igualdade de xénero na etapa de educación primaria. Está pensada para ser empregada non só por docentes, senón tamén por familias e outros axentes implicados na formación das crianzas. A metodoloxía empregada é activa e participativa, promovendo a colaboración e a implicación de todas as persoas involucradas no proceso educativo.

Un elemento clave desta proposta é a utilización do xogo como ferramenta central no ensino-aprendizaxe. Mediante actividades lúdicas, as crianzas teñen a oportunidade de coñecer e reflexionar sobre a igualdade de xénero, a diversidade e o respecto, adquirindo competencias sociais e emocionais axeitadas para a súa idade. O xogo ofrécelles un medio accesible e motivador para explorar estas cuestións, ao tempo que potencia a empatía e a curiosidade.

O papel do profesorado resulta esencial, actuando como guía e apoio no desenvolvemento das aprendizaxes do alumnado. A mestra ou mestre creará un ambiente inclusivo e seguro, favorecendo que todas as crianzas poidan expresar as súas ideas e sentimentos libremente. Ademais, acompañará as actividades para garantir a participación equitativa, adaptando as propostas ás necesidades individuais do grupo a través da observación e a retroalimentación constante.

Esta proposta didáctica pretende concienciar sobre a importancia de contar con boas referentes ao longo de todas as etapas da vida, ofrecendo ás crianzas modelos positivos que lles permitan sentirse apoderadas e desenvolver unha autoestima sólida. Ao recoñecer a diversidade de experiencias e valores das persoas que as rodean, as crianzas poden adquirir ferramentas para construír relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a valoración mutua, libres de estereotipos de xénero.

Como complemento, é recomendable establecer previamente un pacto ou acordo no grupo, onde se definan os valores e límites que se traballarán durante as actividades. Estes principios poderán ser recollidos por escrito e expostos na aula como normas que rexan o funcionamento do espazo compartido.

## Obxectivos xerais

- Promover o coñecemento sobre o papel das mulleres ao longo da historia
- Potenciar a educación en valores de igualdade e xustiza social
- Axudar á identificación e análise das desigualdades de xénero
- Reflexionar sobre a importancia dos coidados e o seu valor social
- Estimular a imaxinación e o pensamento crítico
- Impulsar a creatividade e o traballo colaborativo

## Actividades

### Actividade 1. LIÑA DO TEMPO

#### Descrición da actividade

Crearemos de maneira conxunta un mural que mostre unha liña do tempo dos dereitos conseguidos polas mulleres, introducindo debuxos destas referentes.

Algunhas ideas:

- ONU Mulleres: <https://interactive.unwomen.org/multimedia/timeline/womenunite/es/index.html#/1840>
- Biutest: <https://www.biutest.com/articles/dia-internacional-de-la-mujer-una-linea-del-tiempo-de-todos-los-eventos-que-marcaron-una-diferencia-en-el-mundo-para-la-mujer>
- Consejo de Redacción: <https://consejoderedaccion.org/formacion/linea-de-tiempo-sobre-los-derechos-de-las-mujeres/>

#### Obxectivos da actividade

- Promover o coñecemento sobre o papel das mulleres ao longo da historia
- Impulsar a creatividade e o traballo colaborativo
- Cuestionar os estereotipos e roles de xénero

#### Materiais

- Cartolinas ou rolo de papel
- Ceras, pinturas, lapis de cores, témperas, etc.

### Actividade 2. MULLERES DO FUTURO

#### Descrición da actividade

Tendo en conta a actividade anterior, as crianzas deberán inventar unha personaxe feminina do futuro, explicando como será a súa vida, o seu traballo e os dereitos que terá.

#### Obxectivos da actividade

- Estimular a imaxinación e o pensamento crítico
- Potenciar a educación en valores de igualdade e xustiza social

## Materiais

- Folios ou cartolinas
- Materiais para escribir
- Ceras, pinturas, lapis de cores, témperas, etc.

## Actividade 3. FESTIVAL DE POESÍA

### Descrición da actividade

Recolleremos poemas de diferentes autoras na aula. Cada crianza deberá escoller un para ler en voz alta e escribir outro de creación propia inspirado no que escolleu (ou contraponéndoo).



Emily Dickinson



Rosalía de Castro



Gabriela Mistral



Gloria Fuertes



María do Cebreiro



Yolanda Castaño

Exemplos: Rosalía de Castro, Emily Dickinson, Gloria Fuertes, Asmaa Azazieh, Nuria Vil, Luna de Miguel, Olga Novo, Audre Lorde, Lúa Mosquetera, Alejandra Pizarnik, María do Cebreiro, Saniya Salih, Gabriela Mistral, Yolanda Castaño, Alfonsina Storni, Yamini.

## Obxectivos da actividade

- Promover o coñecemento sobre o papel das mulleres ao longo da historia
- Potenciar a educación en valores de igualdade e xustiza social
- Estimular a imaxinación e o pensamento crítico

## Materiais

- Folios
- Materiais para escribir

## Actividade 4. MUDANDO O PATIO

### Descrición da actividade

De maneira conxunta crearemos un mapa do patio do colexio onde cada crianza deberá poñer onde adoita xogar ou estar e que é o que fai nese espazo. Isto pode facerse con debuxos ou adhesivos para que sexa máis visual, indicando especialmente os xogos que ocupan máis espazo e o xénero das persoas que xogan a eses xogos. Unha vez rematado,



reflexionaremos sobre que xogos ou que persoas teñen máis espazo e quen menos, e pensaremos estratexias para cambialo.

### Obxectivos da actividade

- Potenciar a educación en valores de igualdade e xustiza social
- Estimular a imaxinación e o pensamento crítico
- Impulsar a creatividade e o traballo colaborativo

## Materiais

- Cartolinas ou rolo de papel
- Ceras, pinturas, lapis de cores, témperas, etc.

## Actividade 5. DETECTIVES DA IGUALDADE

### Descrición da actividade

Comezaremos explicando algunhas mostras de discriminación de xénero e daremos a cada alumna unha folla onde anotar as cousas que detecte no seu centro ou na súa contorna.

- Discriminación directa: dáse cando unha muller é tratada de maneira desfavorable por razóns de xénero.
- Discriminación indirecta: dáse cando unha práctica aparentemente neutral ten un efecto negativo sobre as mulleres.
- Discriminación interseccional: dáse cando unha persoa sofre discriminacións por varios factores, como o xénero, a raza, a orientación sexual, a clase social ou a discapacidade.
- Discriminación simbólica: dáse cando se perpetúan estereotipos e roles de xénero, por exemplo, limitando as opcións representadas á experiencia dos homes ou asumir que as mulleres con menos aptas para certas disciplinas.

| Descrición do feito | Lugar | Día e hora |
|---------------------|-------|------------|
|                     |       |            |
|                     |       |            |
|                     |       |            |
|                     |       |            |
|                     |       |            |

Despois, poñeranse en común as follas que recolleu todo o mundo e intentaremos abordar por que ocorreron esas discriminacións e que se pode facer para solucionarlas nun debate grupal.

### Obxectivos da actividade

- Potenciar a educación en valores de igualdade e xustiza social
- Axudar á identificación e análise das desigualdades de xénero
- Cuestionar os estereotipos e roles de xénero

### Materiais

- Folio
- Materiais para escribir

## Actividade 6. QUEN COIDA

### Descrición da actividade

De maneira similar á actividade anterior, as crianzas converteranse en detectives dos coidados. Para isto, comezaremos explicando as diferentes formas de coidados, incluíndo o traballo na casa, o traballo fóra de casa e as tarefas habituais. Pediremos ás crianzas que vaian anotando que formas de coidados identifican e quen as fai. Despois, escribirán cartas ás persoas encargadas deses coidados, agradecéndolles o seu traballo e propoñéndolles un plan para descansar, por exemplo,



| Coidados | Quen o fai? |
|----------|-------------|
|          |             |
|          |             |
|          |             |
|          |             |
|          |             |

### Obxectivos da actividade

- Reflexionar sobre a importancia dos coidados e o seu valor social
- Potenciar a educación en valores de igualdade e xustiza social
- Axudar á identificación e análise das desigualdades de xénero
- Cuestionar os estereotipos e roles de xénero

### Materiais

- Folio
- Materiais para escribir

## Actividade 7. MONSTROS DOS ESTEREOTIPOS

### Descrición da actividade

Comezaremos explicando que son os estereotipos de xénero e as consecuencias que teñen para as persoas. Deixaremos claro que son crenzas sen sentido. Despois, pediremos a cada crianza que escolla algúns estereotipos para crear monstros con eles, así como ferramentas máxicas que permitan combater a estes monstros. Por exemplo, un monstro de dúas cores (azul e rosa) que vai disparando un canón de roupa para vestir aos nenos con pantalóns e ás nenas con saia e unha pulseira máxica que fai que quen a leve sexa inmune a ese canón e poida levar a roupa que queira.

### Obxectivos da actividade

- Estimular a imaxinación e o pensamento crítico
- Potenciar a educación en valores de igualdade e xustiza social
- Cuestionar os estereotipos e roles de xénero

### Materiais

- Folios ou cartolinas
- Materiais para escribir
- Ceras, pinturas, lapis de cores, témperas, etc.

## Recursos

*Pioneiras galegas*: <https://www.cig-ensino.gal/nova/pioneiras-galegas.html>  
*E ti, que científicas coñeces?*: <https://exxperimentaenfeminino.webs.uvigo.es/libro-e-ti-que-cientificas-coneces/>  
*Mulleres no deporte*: <https://playfem.es/mujeres-pioneras-del-deporte/>  
*Deportistas galegas*:  
<https://igualdade.xunta.gal/gl/campanas/conecendo-nosas-deportistas>  
*Mulleres no Álbum de Galicia*:  
<https://consellodacultura.gal/album-de-galicia/coleccion.php?etiqueta=6437>  
*A Memoria das Mulleres*: <https://www.dogrisaovioleta.gal/biografias/>  
*A Coruña das Mulleres*: <https://acorunhadasmulles.gal/>  
Anexo libros de texto #NoMoreMatildas: [https://www.nomorematildas.com/pdf/encartes/Anexo\\_NoMoreMatildas\\_ga.pdf](https://www.nomorematildas.com/pdf/encartes/Anexo_NoMoreMatildas_ga.pdf)  
*Educación en igualdade*: <http://www.educarenigualdad.org/>  
*Edukálboan*: <https://www.edukalboan.org/es>  
*Educagenero*: <http://educagenero.org/>  
*Guía didáctica primaria*: [https://learning-corner.learning.europa.eu/learning-materials/educational-toolkit-help-fight-gender-stereotypes-primary-school\\_es](https://learning-corner.learning.europa.eu/learning-materials/educational-toolkit-help-fight-gender-stereotypes-primary-school_es)  
Recursos do Instituto Nacional de Tecnoloxías Educativas e de Formación do Profesorado:  
<https://intef.es/recursos-educativos/recursos-para-el-aprendizaje-en-linea/recursos/>  
*Rede Educativa Apoio LGBTIQ+ de Galicia*: <https://rededucalgbtiq.org/>  
*Mapa de recursos de Aventura*: <https://aventura.com/wp-content/uploads/2021/02/apa-de-recursoscompleto.pdf>  
*Material para a Coeducación da CIG ensino e AS-PG*:  
<https://www.cig-ensino.gal/recursos.html>  
<https://as-pg.gal/aula-digital>  
*Compilación de materiais para todas as etapas de Orientación Andújar*:  
<https://www.orientacionandujar.es/2013/03/05/recopilacion-de-materialespara-trabajar-la-coeducacion-8-de-marzo-todas-las-etapas/>

## Libros

*Pioneiras*, de Anaí Rodríguez  
*Pioneiras 2*, de Anaí Rodríguez  
*Pioneiras do deporte en Galicia*, de Cristina López Villar  
*A reconquista*, de Antía Yáñez  
*Cara de velocidade*, de Marga Tojo  
*Cinco minutinhos máis*, de Marta Altés

*Dez gatiñas viaxeiras*, de Eva Mejuto

*Distinta*, de Beto Valencia

*Fina a Pirata*, de Helena Villar Janeiro

*Guerreiras de lenda*, de Maite Mosconi e Miriam Beizana Vigo

*Nube Branca quere ser astronauta*, de Pablo Nogueira Campo

*O país do gran furado*, de Xerardo Quintiá Pérez

*Que lles pasa ás princesas?*, de Felicia Redondo

*Vermella*, de Sabela Losada Cortizas

*Rosa Caramelo*, de Adela Turin e Nella Bosnia

*La historia de los Bonobos con gafas*, de Adela Turin e Nella Bosnia

*Una feliz catástrofe*, de Adela Turin e Nella Bosnia

*El lápiz mágico de Malala*, de Malala Yousafzai

*Ricitos de oso*, de Stéphane Servant e Laetitia Le Saux

*Cuentos de buenas noches para niñas rebeldes. 100 jóvenes que están cambiando el mundo* (Editorial Planeta)

*El dragón Zog*, de Julia Donaldson e Axel Scheffler

## Vídeos e filmes

Vídeo Libros e recursos para educar en primaria: <https://youtu.be/tRqR1u-uNHc?si=GnaEup8iX7-T7P4F>

Películas: *Elemental*, *Strange World*, *Nimona*, *Vaiana*, *Brave*, *Mulán*, *Zootrópolis*, *Lilo y Stitch*, *a Raya y el último dragón*, *Ainbo, la guerrera del Amazonas*, *Los increíbles 2*, *Frozen* e *Frozen II*.

Series: *Steven Universes*, *She-Ra* (2018)



8M 2025. Día internacional das mulleres traballadoras  
*Materiais para traballar nas aulas de Primaria.*

Autora: LAURA VEIGA  
Xornalista, sexóloga e divulgadora

# 8M<sup>2025</sup>

**Día internacional das  
mulleres traballadoras**

